

**XXVII CERTAME DE XORNALISMO
“BEGONTE E O NADAL”**

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

**XXVII CERTAME XORNALÍSTICO
“BEGONTE E O NADAL”**

de acordo coas seguintes BASES:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algúns traballos ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:
PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.- 600 Euros e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.- 300 Euros e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de 2003, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 2002

BASES